

MANIFESTO DO PEÓN. XIII EDICIÓN

Peón, trompo, trompa, peonza, perinola, piuca, nosella, sevillana, bailarete, danzarico, buxaina ... todos xiran, todos bailan, sobre a punta e tamén de caperucha, no chan, na man, sobre a uña, no cordel e tamén no aire.

Que ben baila o meu trompo!

Miles de anos leva bailando.

Do Sur ao Norte.

Do Leste ao Oeste.

Miles de anos cultura xogando.

Tivo tempos dourados e tamén anos escuros, pero sempre haberá quen abra o baúl dos xoguetes esquecidos: asociacións como BRINQUEDIA, promotores e organizadores, artesáns, investigadores, escritores ... Con referencia a estes últimos e xa que o "acto central" do "Día do Peón" celébrase este ano en Muros, fagamos unha mención especial ao escritor muradán ARTURO ROMANÍ, quen en 1979 sacaba á luz un libriño titulado "Xogos infantiles de Galicia" no que puña en valor diversos xogos tradicionais desta comarca, ao tempo que alertaba de que algúns deixaban de practicarse, como era o caso da TROMPA, modelo de trompo rudimentario e de grandes dimensións, que se facía xirar a base de atizarlle cunha zorrega ou látego. Investigadores do tema apuntan a que probablemente foron mariñeiros enrolados en barcos que viñan con mercadorías de Oriente, os que introduciron este tipo de trompo en Europa e concretamente en Muros, alá polo ano 1700.

Non deixemos que os xogos tradicionais se esquezan no baúl dos recordos.

Non deixemos que os trompos deixen de xirar.

Chega o San Martiño

trompos ao camiño.

Saquemos os trompos a bailar.

O cordel nunha man

e na outra o peón

failla as voltas con xeito

enerxía no lance

xa verás como baila

que ben baila o teu trompo

baila muiñeira

á saltiños

ou se cadra un vals

amodiño

Sss... ¡

quedou durmidiño

Cantémoslle logo:

“Son os mellores amigos

os xogos tradicionais

son os mellores amigos

por iso teño un trompiño

que baila sempre connigo.

“Eu teño un trompiño

que baila moi ben

que baila moi ben

na punta do pé

na punta do pé

na palma tamén

eu teño un trompiño

que baila moi ben”.

Texto (Inclúese cantiga popular adaptada): Daniel Pino Couñago .

Arranxos musicais: Gonzalo Brea Romaní .

Cantan: Gonzalo Brea Romaní e alumn@s do Ceip Ricardo Tobío de Esteiro (Muros)